

## O papel da tradutora no campo literario galego

Ana Luna Alonso<sup>1</sup>

Recibido: 29 de abril de 2016 / Aceptado: 12 de outubro de 2016

**Resumo.** Este artigo ten como obxectivo principal contribuír a dar a coñecer o papel das responsables das traducións literarias cara á lingua galega realizadas a partir do período democrático, así como establecer unha proposta de clasificación dos seus perfís profesionais no marco da actividade do sector editorial. A partir da análise dos datos rexistrados no catálogo BITRAGA<sup>2</sup>, investigamos sobre a función das persoas que traducen e o seu desenvolvemento social como mediadoras interculturais, axentes de transferencia, iniciadoras de proxectos e fabricantes de repertorio con capacidade para introducir novos debates na política editorial das obras traducidas. Con este traballo damos a coñecer cales son os circuitos que permiten descubrir se a escolla responde a unha encarga ou a unha proposta persoal da tradutora que procura darlle visibilidade a unha determinada obra e autoría. O estudo dos casos seleccionados e os proxectos analizados atenden á súa representatividade e significación para o campo literario galego.

**Palabras chave:** Estudos de tradución; campo literario; literatura traducida; tradutoras; clasificación.

### [es] El papel de la traductora en el campo literario gallego

**Resumen.** Este artículo tiene como objetivo principal contribuir a dar a conocer el papel de las responsables de las traducciones literarias hacia la lengua gallega realizadas a partir del período democrático, así como establecer una propuesta de clasificación de sus perfiles profesionales en el marco de la actividad del sector editorial. A partir del análisis de los datos registrados en el catálogo BITRAGA, investigamos sobre la función de las personas que traducen y su desarrollo social como mediadoras interculturales, agentes de transferencia, iniciadoras de proyectos y fabricantes de repertorio con capacidad para introducir nuevos debates en la política editorial de las obras traducidas. Con este trabajo damos a conocer cuáles son los circuitos que permiten descubrir si la selección de los textos responde a un encargo o a una propuesta personal de la traductora que busca darle visibilidad a una determinada obra y autoría. El estudio de los casos seleccionados y los proyectos analizados atienden a su representatividad y significación para el campo literario gallego.

**Palabras clave:** Estudios de traducción; campo literario; literatura traducida; tradutoras; clasificación.

### [en] The Role of Women Translators in the Galician Literary Field

**Abstract.** The main objective of this article is to highlight the role played by women responsible for literary translations done into Galician after the democratic period, as well as to establish a proposal to classify their professional profiles within the framework of the publishing sector. This research on the functions carried out by women translators and their social development as intercultural mediators, transfer agents, project initiators and repertoire producers with capacity to introduce new debates on publishing policy of the works published, was carried out by analysing texts from the BITRAGA database. This paper throws light on whether the route taken responds to an order or the personal choice of the woman translator who tries to give visibility to a certain work or author. The case study performed and the works analysed are representative and significant to the Galician literary field.

**Keywords:** Translation Studies; Literary Field; Translated Literary Works; Women Translators; Classification.

**Sumario.** 1. Introducción. 2. Marco teórico. 3. Perfís das tradutoras. 4. O discurso sobre a tradución na voz da tradutora. 5. Conclusións. 6. Referencias bibliográficas.

**Como citar:** Luna Alonso, A. (2017): "O papel da tradutora no campo literario galego", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 20 (Núm. especial), pp. 147-156.

<sup>1</sup> Universidade de Vigo, Departamento de Tradución e Lingüística.  
E-mail: [aluna@uvigo.es](mailto:aluna@uvigo.es).

<sup>2</sup> <http://bibliotraducion.uvigo.es/> e <http://bitraga.gal>.

## 1. Introducción

Un dos exemplos máis claros do poder lexitimador da tradución para o sistema cultural galego produciuse no primeiro terzo do século XX. A profesora Camiño Noia (1995) apunta que eran tempos en que a tradución era o resultado do exercicio estilístico voluntarista dalgúns intelectuais. Durante a ditadura franquista os continuadores dos galeguistas das Irmandades da Fala e da Xeración Nós, son os que van promover as traducións, a través de revistas como *Nós* ou *Grial*, os Bibliófilos Galegos e os promotores da editorial Sept. Segundo Noia (1995: 50), as traducións na época respondían a un programa cultural dun grupo editorial ou eran froito de iniciativas individuais. Habería que agardar os cambios políticos de finais dos setenta para asistir a un importante movemento de recuperación lingüística e cultural que tamén tería especial relevancia para o fenómeno da tradución. A chegada da democracia resulta ser unha das etapas máis produtivas nas que analizar a contribución das persoas que traducen á hora de interpretar os textos literarios traducidos. Neste traballo centramonos no estudo dos textos editados en formato libro e deixamos para futuras análises as traducións cara ao galego aparecidas en publicacións periódicas ou antoloxías (Luna Alonso 2016)<sup>3</sup>, ben sexa no formato papel máis clásico ou no dixital<sup>4</sup>.

Dentro da análise da historia da tradución teñen cabida numerosos aspectos teóricos ou prácticos. Se o enfoque é teórico, debemos observar como se analizaron as traducións en períodos diferentes, como se ensinaba a tradución, como se relacionou determinado discurso con outros no mesmo período etc. Se se enfoca dende a práctica, o interese xirará arredor de estudar que se traduciu, quen, en que contexto

social ou político etc. Coa fin de reconstruír (e mesmo de reinterpretar) a historiografía da tradución galega, e na liña da reivindicación de moitas e moitos especialistas na historia da tradución, pretendemos contribuír a salvar do esquecemento e recuperar ás protagonistas que traducen (dobramente esquecidas)<sup>5</sup> nas súas propias voces e dende múltiples posicións (Castro Vázquez 2011: 110).

Aínda que non sempre é unha muller a que traduce a outra, adoita ser frecuente que cando as tradutoras alcanzan certa autonomía para propoñer ou decidir que se traduce elixan traducir a obra doutras mulleres, ben sexa por gusto persoal ou por especial admiración; pero tamén por motivos éticos, políticos e ideolóxicos, como parte dun compromiso social tradutolóxico deseñado, e xa que logo, consciente (Sales Salvador 2006: 25). Iniciamos con este artigo o estudo das características, condicións, prácticas e recursos dedicados polas diferentes profesionais para elaborar un produto literario traducido e centraremos a nosa análise nalgunhas persoas con autoridade para realizar as escollas.

## 2. Marco teórico

Moitas estudosas das teorías feministas e especialistas en Estudos de Xénero están pendent dende hai anos do que se fai en materia de tradución (Castro Vázquez 2008: 285). Brufau Alvira (2011: 195) trata do estado da tradución feminista dentro do espazo estatal e insiste en termos en conta moitos elementos á hora de traducir: decidir que se quere comunicar, a quen, para que, onde, que ocorreu antes, que se agarda do texto, en que contornas, que busca o texto orixinal e quen o escribiu, por que se traduce etc. Todas cuestións fundamentais que sempre hai que valorar, sobre todo dende a perspectiva de xénero (Brufau Alvira 2016).

<sup>3</sup> Quedan por investigar toda unha serie de textos aparecidos en publicacións como: *Escrita, Dorna, Expresión poética galega, Nordés, Luzes de Galiza, Trabe de Ouro, Festa da palabra silenciada, Andaina, Gume, Ólisbos, Revista das letras, Clave, Orión* etc., onde colaboraron coas súas traducións Marilar Aleixandre, Xela Arias, Yolanda Castaño, Luisa Castro, Úrsula Heinze, Teresa Moure, Chus Pato (Chus Daranur), Luz Pozo Garza, M<sup>a</sup> Xosé Queizán ou Ana Romani.

<sup>4</sup> Na Biblioteca Virtual, Xela Arias ofrece *O spleen de París (pequenos poemas en prosa)*, de Charles Baudelaire, e varios *Relatos*, de Gloria Pampillo. Ana M<sup>a</sup> Valladares traduce varios relatos de Katherine Mansfield. María Reimóndez presenta *A historia de Mary Prince*, de Mary Prince (Premio Plácido Castro de Tradución 2009), e *O soño da sultana*, de Rokeya Sakhawat Hussain (<http://tradutoresgalegos.com/bivir.html>).

<sup>5</sup> O álbum de mulleres do Consello da Cultura Galega dedicado a tradutoras recolle tres nomes: Amparo Alvarjar, María Brey Mariño e Xela Arias (<http://www.culturagalega.org/album/resultadosbusca.php?termo=tradutora>).

Grazas á aparición dos Estudos de Xénero na década dos sesenta, e máis en concreto, ó interese pola literatura de muller, a partir dos oitenta, viron a luz obras de escritoras ata o de agora descoñecidas (en especial de literaturas minoritarias) e outras máis coñecidas que reclamaban un posto na denominada literatura universal, fuxindo do gueto ao que acotío son relegadas.

En definitiva, la complicidad entre la traductología y los estudios sobre las mujeres debe servir para ampliar la geografía conocida de nuestra disciplina, pero evitando caer en una hagiografía fácil y meramente compensatoria. (Santaemilia 2011: 37)

Castro Vázquez (2011: 113) alude ás tradutoras e lémbra-nos a súa capacidade para introducir novos debates sociais mediante a escolla das obras que traducen, mais tamén como teóricas da tradución ao se pronunciar nas ‘marxes’ dos textos traducidos. Neses casos, a escolla non é desinteresada (crear e/ou ampliar un canon) nin a maneira de traducir (actividade política consciente) ou a propia intervención das tradutoras nos prólogos, prefacios, notas a pé, comentarios etc. (nas marxes ou no propio texto). Así, procede Kathleen March cando traduce *La hija del mar*, de Rosalía de Castro (González Liaño 2001-2002) ou Marga Rodríguez Marcuño na tradución de *O segundo sexo*, de Simone de Beauvoir (Castro Vázquez 2006).

A tradución, ademais de servir para reivindicar a alteridade en comunidades minorizadas (González Millán 1995, Figueroa Lorenzana 1996 e 2015, entre outros) convértese nun instrumento para recuperar obras de mulleres nunha sociedade patriarcal e pór de manifesto os seus valores e ideais transgresores (González Liaño 2001-2002: 127). Ademais, no caso das comunidades con menor peso no mercado mundial da edición, os atrancos para facer sentir a voz da muller poden converterse en retos para a creación. Neste sentido apuntaba a poeta Marta Dacosta:

Neste apartado das referencias, das lecturas de autoras que nos impulsen e nos abran os ollos ao xeito en que a muller pode tratar diferentes temas que teñen que ver coa súa condición feminina, sinalarei *a importancia das traducións*, para reivindicar a necesidade de incrementar as traducións para o galego, pois maioritariamente temos de recorrer ao castelán a hora de lermos a autoras doutras linguas. Afortunadamente contamos desde hai un ano coa tradución de Sandra Cisneros, realizada por Marilar Aleixandre, que me parece moi significativa para as nosas letras, polo xeito en que esta autora trata certos temas directamente relacionados coa muller. As traducións permitirannos, ademais, comprobar que este é un fenómeno de carácter universal que se está a dar en todas as literaturas do mundo. (Dacosta 1999)<sup>6</sup>

Temos pois a liña de estudo da análise das traducións feitas por mulleres e o empoderamento das mulleres e a liña de investigación sobre que se escolle, quen escolle e para que, e dende que linguas e culturas (a cuestión da reivindicación identitaria), porque o factor sociolingüístico, a condición de bilingües e a propia escolla dunha lingua é un condicionante engadido (unha opción política) que mesmo pode estigmatizar. Bacardí e Godayol (2013) analizaron ese espazo dobremente fronteirizo do bilingüismo e do entrecruzamento entre a loita de xénero e a cultural, e nesa mesma liña se sitúan especialistas como Martín Ruano (2013), Santaemilia (2011), Vidal Claramonte (2007) ou Sales Salvador (2006).

Como veremos máis adiante, na área da tradución dende e cara a lingua galega remitímonos aos estudos de expertas como Palacios, Reimóndez, Domínguez, Castro ou Buján e Nogueira, que escribiron sobre as pioneiras<sup>7</sup> que pasaron “na punta do pé” pola historia da tradución dende ou cara á lingua galega durante os anos previos á Guerra Civil, en plena ditadura ou nos primeiros anos da democracia, por veces ocultas no anonimato do pseudónimo masculino.

Aínda que a planificación do que se traduce como práctica cultural segue a ser unha tarefa pendente no espazo galego, cómpre indicar

<sup>6</sup> O itálico é noso.

<sup>7</sup> Mercedes Vázquez Fernández Pimentel, Mari Luz Morales, Teruca Bouza Vila, María Barbeito, Amparo Alvajar, Xohana Torres ou Teresa Barro.

que nos últimos anos foron aparecendo intertextos (traducidos) dentro de obra de autoría feminina<sup>8</sup>, fenómeno que Buján e Nogueira denominan “tradución privada” (2011: 136). Tamén temos constancia da existencia de traducións publicadas en revistas dinamizadoras da cultura e de prezada información para os estudos literarios, que dada a limitación do formato, presentaban poemas soltos de Louise Labé, Almudena Guzmán, Rhea Tregobov, Nicole Brossard, Louise Cotnoir ou Ilse Aichinger. E habería que agardar uns anos para atopar en galego traducións en formato libro de obra parcial ou completa de escritoras como Emilie Dickinson<sup>9</sup>, Ana Akhmátova<sup>10</sup>, Sandra Cisneros<sup>11</sup>, Hélène Cixous<sup>12</sup> ou Erin Moure<sup>13</sup>. Baxter (2010) fixo unha cala sobre a presenza de autorías femininas nos catálogos das editoras galegas e concluíu que ata principios do século xx só contabamos cun 16% de escritoras importadas. Con todo, a cuestión non é só de volume, senón que textos queremos traducir. Cómpre evitar esforzos inútiles e fluxos de poder que reproduzan un canon occidental xa existente en linguas próximas. Nese sentido iniciaba a súa andaina Penélope Pedreira, a responsable da editora Barbantesa que apuntaba nunha entrevista:

Lo que es cierto y comprobable echándole un vistazo a los catálogos de las editoriales, es que las voces de las autoras se oyen menos: ¿Escriben menos? ¿divulgan menos lo que escriben? ¿se leen menos? ¿se venden peor? Barbantesa tiene el propósito de poner su granito de arena para corregir esa evidente desigualdad. En la

editora, cuando hablamos de literatura de mujer, nos estamos refiriendo a la literatura escrita por mujeres. (Bardelás 2010)

### 3. Perfís das tradutoras

Ademais das xa mencionadas por Castro Vázquez (2011)<sup>14</sup>, son pioneiras neste labor as irmáns Pura Vázquez (1918-2006)<sup>15</sup> e Dora Vázquez (1913-2010)<sup>16</sup>, Anisia Miranda (1932-2009) e as académicas Xohana Torres e María Teresa Barro. Prolíficas autoras de traducións son María Victoria Moreno<sup>17</sup> (1939-2005), Moncha Fuentes<sup>18</sup> e María do Carme Hermida<sup>19</sup>, editoras para Galaxia, Xerais ou Sotelo Blanco de máis dunha vintena de textos traducidos dirixidos ao público máis novo que precisaba de lecturas en galego. As urxencias de normalización levaron ás mulleres a traducir, aínda que nalgún caso o oficio quedou relegado a un imaxinario pedagóxico feminino.

Así pois, tras unha primeira etapa que pretendía cubrir as carencias básicas, e de continuarmos o percorrido cronolóxico cara á actualidade, consideramos que podemos tentar establecer unha tipoloxía (uns perfís) que, malia non ser estanca, permite diferenciar as tradutoras profesionais (en función das circunstancias de dedicación a esa tarefa) das que comparten ese labor con outras funcións na procura da normalización cultural<sup>20</sup>. Hainas de variado oficio, pero sobre todo editoras, profesoras, investigadoras ou escritoras (tanto de obra propia como allea). A grande maioría contribúe ao campo literario na importación,

<sup>8</sup> Este é o caso das referencias a Silvia Plath, Adrienne Rich, Ana Akhmátova, Anne Sexton, Edith Södergran, Ingeborg Bachmann, Judith Butler ou Luisa Muraro.

<sup>9</sup> *Dickinson*, Tris-Tram, 2004 (tradución de Carlos Coira Nieto).

<sup>10</sup> *Só o silencio me responde*, Rinoceronte Editora, 2008 (tradución de Ekaterina Guerbek e Penélope Pedreira).

<sup>11</sup> Na revista estadounidense, *Puerto Norte e Sur*, dirixida por José M. Oxholm (Detroit-Michigan), Dora Vázquez publicaba poesía infantil traducida ao inglés.

<sup>12</sup> *A conquista da escola de Madhubai*, Biblioteca Francisco Pillado, 2006 (introdución e tradución de Purificación Cabido).

<sup>13</sup> *Teatriños ou aturuxos calados*, Galaxia, 2007 (tradución de María Reimóndez).

<sup>14</sup> Agochaban a súa actividade profesional de tradutoras, María del Carmen Soler, compañeira de exilio de Lois Tobío; ou Aurora Bernárdez, tradutora e intérprete para a UNESCO, ao carón de Julio Cortázar.

<sup>15</sup> Na revista estadounidense, *Puerto Norte e Sur*, dirixida por José M. Oxholm (Detroit-Michigan), Dora Vázquez publicaba poesía infantil traducida ao inglés.

<sup>16</sup> *Un poema cada mes*, de Dora Vázquez (1969 e 1998, edición bilingüe castelán-galego).

<sup>17</sup> Tradutora de María Angels Gardella (*Os ollos do dragón*, 1989) ou de Hans Christian Andersen (*As mazás da prosperidade*, 1991).

<sup>18</sup> Tradutora de Méndez Ferrín, Daniel Pennac, Fanny Joly ou Bento da Cruz.

<sup>19</sup> Tradutora de Ricardo Alcántara (*Querouak*, 1988) ou Jaume Cela (*Os narices do rei*, 1988).

<sup>20</sup> Das 175 profesionais que traducen, 95 son tamén autoras (Fonte: Catálogo BITRAGA 1980-2016).

mais tamén contamos cun importante grupo que procuran a visibilización da creación galega no exterior. Se ben este non é o obxecto do noso estudo, é preciso salientar o labor dun grupo de tradutoras que conviven coas dúas ou mais culturas e serven de ponte entre elas. Salientamos a figuras como a desaparecida Alexandra Koss e as súas compatriotas Elena Zernova ou Ekaterina Guerbek; a escritora alemá, Ursula Heinze; a estadounidense Kathleen N. March; a canadense Erin Moure; a finlandesa, Tuula Ahola; a galega Helena Miguélez; ou a xaponesa, Mona Imai.

Entre as importadoras temos tradutoras autoras, autotradutoras e tradutoras autoras das traducións, mais non escritoras. No primeiro grupo salientamos a figura de Xohana Torres, tradutora de literatura infantil e xuvenil (*O abeto valente*, de Jordi Cots, 1966; *O globo de papel*, de Elisa Vives de Fábregas, 1966; *Unha nova terra*, de Francisco Candel, 1967 e *Así foi*, de Rudyard Kipling, xunto con María Dolores Martínez Torres en 1992). Xohana Torres foi ademais a autora do primeiro libro galego traducido ás linguas peninsulares<sup>21</sup> como un paso máis de aproximación entre as literaturas do ámbito ibérico e especialmente entre as periféricas (Domínguez Pérez 2008).

Entre as tradutoras de obra allea atopamos na historia recente da literatura galega a Teresa Barro, que xunto a Fernando Pérez Barreiro, traduciu a *Alicia no país das marabillas*, de Lewis Carroll (Premio Nacional de Tradución concedido polo Ministerio de Cultura en 1985). Neste grupo incluímos a Moncha Fuentes, a

Dolores e Carmen Torres París, Isabel García, M<sup>a</sup> Cristina González Piñeiro, Eva Almazán, Manuela Rodríguez ou Laura Rubio.

Escritoras que traducen son tamén Helena Villar Janeiro<sup>22</sup>, María Xosé Queizán<sup>23</sup>, Marilar Aleixandre<sup>24</sup>, Teresa Moure<sup>25</sup> ou María do Cebreiro<sup>26</sup>, entre outras, todas autoras traducidas a varios espazos, dentro e fóra da Península. Como xa indicamos, os compartimentos da clasificación non son estancos, isto é, algunhas delas, ademais de traducir obra allea, tamén traducen parte da súa propia ao castelán. Este é o caso de escritoras autotradutoras como Fina Casalderrey<sup>27</sup>, Marina Mayoral, Marilar Aleixandre, Xela Arias ou Yolanda Castaño.

Tamén hai estudosas e docentes que traducen como Helena González<sup>28</sup>, Helena Miguélez-Carballeira<sup>29</sup>, Marga do Val<sup>30</sup>, Emma Lázare<sup>31</sup> ou Marga Rodríguez Marcuño<sup>32</sup>; sen esquecer as prolíficas tradutoras de literatura infantil e xuvenil como Isabel Soto<sup>33</sup> ou Ánxela Gracián<sup>34</sup>; ou as especializadas nunha soa autoría como fai Dolores Vilavedra con Manuel Rivas; nun determinado espazo de partida como o dos clásicos latinos e gregos para Helena de Carlos, o alemán de Rosa Marta Gómez Pato ou o italiano de Silvia Gaspar; ou mesmo nun xénero como Manuela Palacios. Se ben entre as profesoras que traducen a listaxe é moi longa, este adoita ser o grupo máis ecléctico que traduce por motivos profesionais e que atopa na tradución unha das razóns fundamentais dos seus traballos de investigación. A risco de esquecer algunha especialista, seleccionamos aquí os nomes que máis se repiten no catálogo

<sup>21</sup> *Polo mar van as sardiñas*, Galaxia, 1968.

<sup>22</sup> Tradutora ao castelán de *Follas novas*, de Rosalía de Castro (1837-1885), xunto con Xesús Rábade.

<sup>23</sup> Responsable da colección As Literatas de Xerais.

<sup>24</sup> Ademais de obra infantil e xuvenil de Lewis Carroll ou de J. K. Rowling, trouxo para o galego a Sandra Cisneros (*Muller ceiba*, Xerais, 1997).

<sup>25</sup> Autora da tradución de *Lilus Kikus*, de Elena Poniatowska (Trifolium, 2012).

<sup>26</sup> Autora da tradución de *Tres Vidas*, de Gertrude Stein (Galaxia, 2006).

<sup>27</sup> Responsable da tradución ao castelán da práctica totalidade da súa obra.

<sup>28</sup> Editora de *A Tribo das baleas: poetas de arestora* (Xerais, 2001) e responsable da tradución de *Rías de tinta: literatura de mujeres en francés, gallego e italiano: antología bilingüe* (Barcelona, 1999).

<sup>29</sup> Tradutora ao inglés de *Non son de aquí*, de María do Cebreiro (Exeter, Shearsman Books, 2010).

<sup>30</sup> Autora da tradución de *Randa do alento*, de Herta Müller (Premio AELG, 2011) ou da poesía rosaliana ao alemán en 2007 (*20 Gedichte aus galicien*).

<sup>31</sup> Tradutora de *Enderezo descoñecido*, de Kathrine Kressmann Taylor (Xerais, 2013).

<sup>32</sup> Autora da tradución de *O gran caderno*, de Agota Kristof (Xerais, 2000) e de *O segundo sexo*, de Simone de Beauvoir (Xerais, 2010).

<sup>33</sup> Autora de máis de cen traducións.

<sup>34</sup> Tradutora de *Memorias de Hadrián*, de Marguerite Yourcenar (Positivas, 1999).

BITRAGA como as xa mencionadas Vilavedra e Palacios, mais tamén María Teresa Amado Rodríguez, María Xesús Lama López, Inma López Silva, Mónica Bar Cendón, Catuxa López Pato ou Susana Rodríguez Barcia.

Como editoras, ou moi vinculadas co sector editorial, destacamos a profesionais como María Fe González<sup>35</sup>, Penélope Pedreira<sup>36</sup> ou Laura Sáez<sup>37</sup>. E tirando dese mesmo fío viría a nova fornada de profesionais formadas na súa maioría na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo que conseguiron facerse cun importante oco no mercado editorial galego como Eva María Almazán, María Alonso Seisdedos, Saleta Fernández, Belén Souto, Liliana Valado ou Lara Santos. Tradutoras que contribúen ao discurso teórico da disciplina coas súas reflexións recollidas en estudos independentes<sup>38</sup> ou no interior dos propios textos traducidos mediante prólogos, epílogos ou notas, demandando un cambio na escolla dos textos e mostrando un perfil profesional con definida estratexia tradutora como Patricia Buján ou María Reimóndez.

#### 4. O discurso sobre a tradución na voz da tradutora

As tradutoras con maior presenza cultural e social adoitan ser combativas, transgresoras e recuperadoras de autorías femininas, por veces pertencentes a culturas minoritarias, e xa que logo, dobremente esquecidas ou agochadas (xénero e nación). Coincidimos con Castro Vázquez (2011) en que o criterio lingüístico de escolla da lingua galega como idioma de chegada é fundamental á hora de elaborarmos este repertorio de voces: "(...) tanto por basarse en un acto de vontade (su elección es fruto de una decisión libre) como por su carácter inclusivo (su aprendizaje está abierto a cualquier persona, independientemente de su lugar de nacimiento)" (*Ibid.* 18).

Nesta epígrafe imos iniciar un traballo de visibilización mediante o estudo de caso

dalgunhas das autoras e investigadoras con abondo poder cultural e simbólico lexitimador para poder realizar escollas e actuar a modo de axentes dobres literarias. Xa indicaba Baxter (2010) que no campo literario o tópico do oficio feminino pasa a ser un espazo especialmente reivindicativo, cando menos no caso da tradución literaria, como tipoloxía que ten maior prestixio social fronte a outro tipo de textos<sup>39</sup>.

Non é obxecto deste traballo tratar de estratexias concretas utilizadas no proceso de tradución de pioneiras canadenses (Lotbinière-Harwood 1991) cuxa técnica residía en validar e reforzar o proceso de visibilización da persoa que traduce e o da súa obra (Castro Vázquez 2008). Centraremos a nosa análise en ofrecer a modo de exemplo algún dos paratextos de obras traducidas (de autoría feminina e contido reivindicativo) para tentar dar conta da existencia dun proxecto subversivo (non sempre planificado dende as institucións autorizadas), que se desenvolve nun determinado contexto sociocultural minorizado como o galego, e deixaremos para un posterior traballo a análise do nivel de capacidade de aceptación do produto (recepción) por parte do público. Propoñemos así como primeira achega o estudo dos prólogos (onde se adoita expresar unha xustificación e pedir permiso) e deixamos para un futuro o estudo dun corpus textual máis ou menos 'canónico' que permita analizar a relación entre xénero e tradución no campo literario galego, definir estratexias e planear liñas de actuación.

Malia que cómpre diferenciar entre narrativa de autoría feminina e o que podemos denominar narrativa feminista ou narrativa (escrita con conciencia) de xénero, de asimilación dos feminismos, por razóns ben diferentes aludiremos ao labor de María Xosé Queizán, Marilar Aleixandre e María Reimóndez (Buján Otero e Nogueira Pereira 2011). Así a todo, tamén queremos lembrar a Xela Arias e considerar a tarefa de Manuela Palacios, Yolanda

<sup>35</sup> Tradutora asidua da colección Musa Pedestris de Trifolium, así como de As Letras das Mulleres, editada polo Servizo Galego de Igualdade e Sotelo Blanco.

<sup>36</sup> Barbantesa editora naceu en 2010. Ao seu inicio publicou obra de Carson McCullers, Fleur Jaeggy, Antonella Moscati ou Ana Akhmátova (<http://www.barbantesa.com/>).

<sup>37</sup> Tradutora e responsable de Patasdepeixe, unha editora independente de álbum ilustrado nada en 2008.

<sup>38</sup> Cf. Revista *Viceversa. Revista Galega de Tradución* (<http://tradutoresgalegos.com/bivir.html>).

<sup>39</sup> Tamén habería que considerar aquí as condicións laborais.

Castaño ou María do Cebreiro Rábade Villar (2011 e 2015). Todas son voces con variado potencial e fortaleza que achegan algo novo ao panorama literario da tradución en galego.

Unha das funcións principais da tradución é enriquecer mediante o diálogo (novos temas, autorías e, sobre todo, novas perspectivas). As autoras mencionadas contan con presenza social, cultural, política e literaria e coinciden en tres estratexias fundamentais como axentes mediadoras: denunciar e refacer o canon, mostrar por vez primeira textos ocultos e, de ser o caso, refacer as traducións dende o compromiso persoal, a coherencia ideolóxica e o entusiasmo.

Coa fin de ofrecer unha visión daqueles fenómenos e tendencias máis relevantes para a importación no campo literario galego, seleccionamos por razóns de espazo algúns exemplos que precisan de obrigada ampliación, e iniciamos o noso curto percorrido coa traxectoria de María Xosé Queizán, interesándonos non tanto pola súa faceta de tradutora<sup>40</sup> como pola de directora da colección literaria específica, *As Literatas*. A colección inclúe un bo número de traducións acompañadas dun prólogo (ás veces de autoría da tradutora), así como dunha presentación biobibliográfica, un texto de contracuberta que xustifica a inclusión da narradora na colección e unha cuberta especialmente buscada. Os paratextos dos que falamos resultan ser un valioso material de estudo que non debe esquecer os títulos ou as imaxes das cubertas escollidas pola editoras, posto que xa están a determinar unha lectura e mesmo un público destinatario concreto (Garrido Vilariño 2005: 36).

Citamos tamén algún dos traballos cos que Xela Arias quixo contribuír ao corpus das traducións cara ao galego e salientamos a súa faceta de editora de varias coleccións. A escritora, apenas traducida por causa da súa temperá desaparición, implicouse no proxecto de tradución da editorial Xerais na colección *Xabarin*, que daquela seguía como criterio fundamental

a tradución de textos literarios de autorías clásicas universais para fornecer de lecturas en galego á xente nova<sup>41</sup>, nunha fase que Lema (2009) denomina “comercial”, e xa que logo, menos filolóxica e máis autónoma. Ademais deste labor, Xela Arias participa dende o seu inicio en 1985 no desenvolvemento da actividade da Asociación de Tradutores Galegos (ATG) e no consello de redacción da revista *Viceversa* (1995); así como na tradución de textos máis persoais e reivindicativos como os citados da biblioteca Bivir.com ou a antoloxía de relatos *Venus Negra*, de Ángela Carter (2001), onde se ridiculizan as nocións tradicionais de feminidade e masculinidade.

Marilar Aleixandre é outra das escritoras que, ademais de colaborar en moitas revistas como presentadora de obra de autoras foráneas, dará a coñecer en 1997 en formato libro *Muller ceiba*, de Sandra Cisneros na colección *Ablativo Absoluto* de Xerais. Outra colección que, fronte á dirixida por Queizán, pretendía achegar novidades propias e alleas ao campo literario galego. Cisneros escribiría *Loose Woman* en 1994, o seu terceiro libro de poemas. Unha obra, que como apunta a lapela da editora: “ve en galego por vez primeira a súa obra poética, ata o daquela descoñecida en Europa”<sup>42</sup>. A tradutora explica no prólogo a metáfora da fronteira creadora e subversiva da “loose traslation”:

Ah, a doce traición de traducir, a indecisión da escolla! (...) Notas, as mínimas para poñer a quen le en condicións parecidas á comunidade mexicano-americana, prescindibles se queremos oír só a música (o balbordo); en moitos casos as indicadas por Sandra, no texto só as dela. (Aleixandre 1997: 5 e 7)

Aleixandre afirma con frecuencia que a tradución valeulle de aprendizaxe para escribir<sup>43</sup>. No caso de María Reimóndez, traducir e interpretar son a súa profesión e actividades inseparables da súa faceta reivindicativa vital<sup>44</sup>. Ademais das obras mencionadas traducidas para a Bivir.com, destacamos en formato

<sup>40</sup> Tradutora de Yourcenar, Blixen, Pardo Bazán ou Perkins.

<sup>41</sup> Xela Arias traduciu para a Xerais a Joyce, Fenimore Cooper, Stoker ou Fernández Flores.

<sup>42</sup> Da mesma autora é *A casa de Mango Street* (Rinoceronte Editora, 2008 e Sushi Books, 2014).

<sup>43</sup> [http://www.cervantes.es/imagenes/file/lengua/confe\\_aleixandre\\_2011.pdf](http://www.cervantes.es/imagenes/file/lengua/confe_aleixandre_2011.pdf).

<sup>44</sup> Xunto con Olga Castro, en 2013 recibiu o galardón ao mellor libro de ensaio (*Feminismos*, Xerais).

libro a tradución de: *Despois da medianoite*, de Salma (Xerais, 2011); *Teatriños ou aturuxos calados*, de Erin Moure (Galaxia, 2007); *Entre o costume e a ruptura*, de Rachna Mara (Xerais, 1998) e a súa participación no traslado de *A filla do filósofo*, de Elena Poniatowska (Galaxia, 2009). Obras que na súa maioría rescatan autorías poscoloniais ausentes do canon universal e case inexistentes no mercado do libro estatal. Na introdución de *Mitos e lendas hindús* Reimóndez argumenta así as súas escollas:

Este volume intenta abrangue-las bases de todas aquelas cousas que, a través dos nosos ollos occidentais, ás veces nos resultan de difícil comprensión na tradición india e que mesmo se converteron en estereotipos moitas veces utilizados para o desprezo (...) e así, achegarnos con igualdade a comprender aquilo que semella quedarnos lonxe. (Reimóndez Meilán 2002: 9-10)

A tradutora selecciona obras e introduce estratexias tradutivas feministas (2009) que alertan sobre os prexuízos patriarcais e busca respostas ás preguntas que se formula a tradución:

(...) os estudos posmodernos, feministas e poscoloniais deconstrúen para poñer de manifesto os actos de poder na tradución, tan frecuentemente invisibilizados pola falta de textos que expliquen a postura ou interpretación da tradutora, as razóns que levan a traducir certos libros e non outros, as ideoloxías que subxacen a todos estes actos. (Reimóndez Meilán 2007: 146)

Aleixandre e Reimóndez colaboraron en anteriores edicións dos obradoiros internacionais de tradución organizados pola poeta Yolanda Castaño. Trátase dunha actividade que, baixo o título “Con barqueira e remador”, recolle en diferentes volumes editados pola Deputación de Pontevedra<sup>45</sup> o resultado das experiencias de tradución. Autotradutora dos seus poemarios: *Vivimos en el ciclo de las Erofantas*, *El libro de la egoísta* e *La segunda lengua*, publicados en Visor en edición bilingüe, Castaño

forma parte da chamada Xeración dos 90, un grupo renovador ao que se incorporarían unha serie de poetas como as internacionais Chus Pato ou María do Cebreiro<sup>46</sup>. Esta última ten reflexionado sobre a tradución a partir da súa experiencia como coordinadora dos volumes *A poesía é o gran milagre do mundo* (Pen Club, 2001), poesía galega contemporánea en inglés; e *Damas Negras* (Xerais, 2002), unha antoloxía de letras de cancións interpretadas por mulleres afroamericanas que define “non só como unha operación de tránsito lingüístico, senón como unha aposta de actualización literaria” (2002: 7). Coincidimos coas palabras da escritora cando alerta sobre os perigos de facer arqueoloxía lingüística a través da tradución:

Se algo me parece detestable é a tradución retórica. En xeral hai pouca escoita entre nós. Percibo que hai moito interese en sermos traducidos, en que nos lean fóra, pero ao mellor sabemos menos acerca de como somos recibidos realmente no exterior. Interésanos como impactamos fóra polo destino que ese impacto ten dentro. Necesitamos a consagración exterior como indicio de que valem, o cal é unha posición acomplexada. Eu o que quero saber en todo caso é o que pensan de min e o que eu penso deles, e dicírnolo. Iso desvelaríanos que as relacións culturais nunca son simétricas nin pacíficas nin fermosas, senón de violencia. Tradúcese como unha forma de propaganda, e propaganda interior ademais. Aí hai un mecanismo viciado que colectivamente deberíamos repensar. E por último, unha cousa. Nos anos 70 e 80, menos nos noventa, había interese polas literaturas pequenas, como a nosa. Iso está a desaparecer. Non hai periferia, só unha infinita multiplicación do centro en todas partes mundial. (Rábade Villar 2011)

Remataremos esta breve incursión no papel de determinadas tradutoras coa alusión ao traballo reivindicativo da profesora Manuela Palacios, autora, entre outras, da tradución de *Cara ó faro*, de Virginia Woolf (Sotelo Blanco, 1993), una das escritoras máis traducidas nos últimos anos cara ao galego<sup>47</sup>. Destacamos a contribución planificada de Palacios na que se

<sup>45</sup> *Babelia en galego* (2012), *Con barqueira e remador* (2013) ou *Eno mar cabe quant 'i quer caber* (2014).

<sup>46</sup> Tamén sería preciso citar a Olga Novo, Estibaliz Espinosa, Emma Couceiro, Emma Pedreira, Lupe Gómez, Yolanda López, María Lado ou Lucía Aldao, entre outras.

<sup>47</sup> *De espellos, trens e outros venenos* (Ir Indo, 2006), *Un cuarto de seu* (Sotelo Blanco, 2006) e *Orlando. Unha biografía* (Irmás Cartoné, 2014).



pon en relación dúas culturas historicamente irmandadas como Galicia e Irlanda, que revela un incremento no número e na visibilidade e (re)coñecemento mutuo, cumprindo así a función principal das relacións interculturais<sup>48</sup>.

O fenómeno da irrupción das mulleres na tradición poética irlandesa ten certas concomitancias co vigoroso pulo da poesía actual escrita por mulleres en Galicia. (...) Historicamente o sistema literario galego ten aberto as súas portas á produción cultural irlandesa co obxecto de ampliar perspectivas e establecer complicidades. Sería desexable que esta vía de comunicación non fose de sentido único. (Palacios 2003: 21-22)

## 5. Conclusións

Pechamos este traballo coa convicción de que queda moita materia por investigar sobre o papel das mulleres tradutoras na conformación do campo literario galego e sobre a importancia de que se manifeste a súa escolla e a súa voz para ser analizada dende un enfoque

tradutolóxico. Coa nosa contribución procuramos unha clasificación non estanca que explique cal é a función da mediadora, axente dobre con función simbólica e responsabilidade cultural tanto no sector editorial público como no privado, comercial ou restrinxido.

As estratexias mostradas mediante os exemplos que ofrecemos neste artigo (de culturas de procedencia, autorías, xéneros e temáticas presentes, pero sobre todo ausentes), pretenden ser o inicio dun percorrido sobre unha historia da tradución recuperada (a historia da práctica da tradución, así como a historia da teoría ou do discurso da tradución) e sobre un estudo comparado no que se poña en valor o privilexio que pode representar ter que reivindicar a diferenza a través da diferenza. A política editorial da tradución dunha comunidade que se desenvolve nun espazo con dificultades para facerse visible na República mundial das letras debe ser coitada co que escolle e a quen escolle para darse a coñecer.

## 6. Referencias bibliográficas

- Aleixandre, Marilar (1997): “Escándalo espiral”, en S. Cisneros, *Muller ceiba*. Vigo: Xerais, pp. 5-7.
- Bacardí, Montserrat e Pilar Godayol (2013): *Les traductores i la tradició. 20 pròlegs del segle XX*. Lleida: Punctum.
- Bardelás, Silvia (2010): “Entrevista a Penélope Pedreira, editora de Barbantesa”, *El lector perdido. Libros para leer* 17/6/2010 (<http://www.ellectorperdido.com/2010/06/17/entrevista-a-penelope-pedreira-editora-de-barbantesa/>).
- Baxter, Robert Neal (2010): “Tradución e androcentrismo: quen traduce que(n) e como na Galiza”, en X. M. Mosquera Carregal (ed.), *Lingua e usos. Lingua e Xénero*. A Coruña: Universidade da Coruña, pp. 115-135. ([http://www.udc.es/export/sites/udc/snl/\\_galeria\\_down/documentospdf/Libro\\_Lingua\\_e\\_Xenero.pdf](http://www.udc.es/export/sites/udc/snl/_galeria_down/documentospdf/Libro_Lingua_e_Xenero.pdf)).
- Brufau Alvira, Nuria (2011): “Traducción y género: El estado de la cuestión en España”, *MonTI. Monografías de Traducción e Interpretación* 3, pp. 181-207 (<http://repositori.uji.es/xmlui/handle/10234/37360>).
- (2016): “La traducción de la(s) narrativa(s) de género y poscolonialismo: la traducción de la literatura chican-a al español”, en I. Galanes Santos, A. Luna Alonso, S. Montero Küpper e Á. Fernández Rodríguez (eds.), *La Traducción literaria. Nuevas investigaciones*. Granada: Comares, pp. 247-270.
- Buján Otero, Patricia e María Xesús Nogueira Pereira (2011): “A (re)escritura das marxas. Tradución e xénero na literatura galega”, *MonTI. Monografías de Traducción e Interpretación* 3, pp. 131-160. (<http://rua.ua.es/dspace/handle/10045/21609>).
- Castro Vázquez, Olga (2006): “Ideoloxías textuais e paratextuais nas traducións de *Le deuxième sexe*, de Simone de Beauvoir”, *Viceversa. Revista Galega de Tradución* 12, pp. 49-78 (<http://webatg.webs.uvigo.es/viceversa/files/12/vice12.pdf>).
- (2008): “Género y traducción: elementos discursivos para una reescritura feminista”, *Lectora: revista de dones i textualitat* 14, pp. 285-301 (<http://www.raco.cat/index.php/Lectora/article/view/216207/286977>).

<sup>48</sup> Con Helena González edita *Palabras extremas: escritoras gallegas e irlandesas de hoy* (Netbiblo, 2008) e con Mary O'Donnell *To the Winds our Sails: Irish writers translate Galician Poetry* (Salmon Poetry, 2010).

- (2011): “Traductoras gallegas del siglo XX. Reescribiendo la historia de la traducción desde el género y la nación”, *MonTI. Monografías de Traducción e Interpretación* 3, pp. 107-130 (<http://rua.ua.es/dspace/handle/10045/21607>).
- Dacosta, Marta (1999): “As escritoras na literatura galega actual”. Conferencia con motivo do día da muller celebrada no IES San Paio de Tui (10 de marzo de 1999) (<http://www.aelg.org/centro-documentacion/autores-as/marta-dacosta/paratextos/82/as-escritoras-na-literatura-galega-actual>).
- Domínguez Pérez, Mónica (2008): “*Polo mar van as sardiñas* y sus traducciones”. *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 11, pp. 25-33 (<http://revistas.ucm.es/index.php/MADR/article/view/34087>).
- Figueroa Lorenzana, Antón (1996): *Lecturas alleas: sobre das relacións con outras literaturas*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, D.L.
- (2015): *Marxes e centros: para unha socioloxía do campo cultural*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- Garrido Vilaríño, Xoán Manuel (2005): “Texto e paratexto. Tradución e Paratradución”, *Viceversa. Revista Galega de Tradución* 9-10, pp. 31-39 (<https://dialnet.unirioja.es/ejemplar/118116>).
- González Liaño, Iria (2001-2002): “Tradución e xénero. O feminismo de Rosalía de Castro traducido ao inglés”, *Viceversa. Revista Galega de Tradución* 7-8, pp. 109-130 (<http://webatg.webs.uvigo.es/viceversa/files/78/rosalia.pdf>).
- González Millán, Xoán (1995): “Cara a unha teoría da tradución para sistemas literarios ‘marxinais’. A situación galega” (trad. Silvia Carril Caldelas e María Sola Bravo), *Viceversa. Revista Galega de Tradución* 1, pp. 63-73 ([http://webatg.webs.uvigo.es/viceversa/files/1/vi\\_1\\_gonzmill.pdf](http://webatg.webs.uvigo.es/viceversa/files/1/vi_1_gonzmill.pdf)).
- Lema, Carlos (2009): “Importación e exportación de textos literarios. Unha crítica á noción de literatura mundial como paradigma”. *Grial. Revista galega de cultura* XLVII/182, pp. 120-135.
- Lotbinière-Harwood, Susanne de (1991): *Re-belle et infidèle. La traduction comme pratique de réécriture au féminin*. Montreal: Les Éditions du rémue-ménage.
- Luna Alonso, Ana (2016): “Estudio de las antologías poéticas gallegas traducidas al castellano. Análisis cuantitativo y cualitativo”. *Transfer* XI, pp. 26-58 ([http://www.ub.edu/cret\\_transfer/index.php?option=com\\_content&task=view&id=263&Itemid=146&lang=es](http://www.ub.edu/cret_transfer/index.php?option=com_content&task=view&id=263&Itemid=146&lang=es)).
- Martín Ruano, Rosa M. (2013): *Traducción, política(s), conflictos, legados y retos para la era del multiculturalismo*. Granada: Comares.
- Noia Campos, Camiño (1995): “Historia da tradución en Galicia no marco da cultura europea”, *Viceversa. Revista Galega de Tradución* 1, pp. 13-62 ([http://webatg.webs.uvigo.es/viceversa/files/1/vi\\_1\\_camino.pdf](http://webatg.webs.uvigo.es/viceversa/files/1/vi_1_camino.pdf)).
- Palacios, Manuela (ed.) (2003): *Pluriversos: seis poetas irlandesas de hoxe* (edición bilingüe de Manuela Palacios González, tradución de Manuela Palacios González e Arturo Casas). Santiago de Compostela: Follas Novas.
- Rábade Villar, María do Cebreiro (2011): “María do Cebreiro: ‘Tradúcese como unha forma de propaganda’”. Entrevista de Iago Martínez, *Xornal de Galicia* 24/7/2011 (<http://www.disimulen.com/2011/maria-do-cebreiro-traducesecomo-unha-forma-de-propaganda>).
- (2015): “La recepción internacional de la poesía en Galicia”, en A. Luna Alonso, Á. Fernández Rodríguez, I. Galanes Santos e S. Montero Küpper (eds.), *Literaturas extranjeras y desarrollo cultural*. Berna: Peter Lang, pp. 143-176.
- Reimóndez Meilán, María (2007): “A tradución dos teatriños”, en E. Moure, *Teatriños ou aturuxos calados*. Vigo: Galaxia, pp. 145-147.
- (2009): “The Curious Incident of Feminist Translation in Galicia”, *Galicja21: Journal of Contemporary Galician Studies* 1, pp. 68-89 ([http://www.galicja21journal.org/A/pdf/galicja21\\_6\\_reimondez.pdf](http://www.galicja21journal.org/A/pdf/galicja21_6_reimondez.pdf)).
- (2013): “Faros na escuridade. Ideoloxía e tradución: os enfoques feministas e poscoloniais”, en X. M. Mosquera Carregal (ed.), *Lingua e tradución*. A Coruña: Universidade da Coruña, pp. 163-182 ([http://www.udc.es/export/sites/udc/snl/\\_galeria\\_down/documentospdf/Libro\\_Lingua\\_e\\_Xenero.pdf](http://www.udc.es/export/sites/udc/snl/_galeria_down/documentospdf/Libro_Lingua_e_Xenero.pdf)).
- Sales Salvador, Dora (2006): “Tradución, género y poscolonialismo. Compromiso traductológico como mediación y *affidamento* femenino”, *Quaderns, Revista de traducció* 13, pp. 21-30 (<http://www.raco.cat/index.php/QuadernsTraduccio/article/view/51658>).
- Santaemilia, José (2011): “Mujer y traducción: geografías, voces, identidades”, *MonTI. Monografías de Traducción e Interpretación* 3, pp. 29-49 (<http://www.e-revistas.uji.es/index.php/monti/article/view/1603/1349>).
- Vidal, María del Carmen África (2007): *Traducir entre culturas: diferencias, poderes, identidades*. Frankfurt am Main: Peter Lang.